

**ASUNTO: DECRETO REAPERTURA PISCINA MUNICIPAL NOVA NORMALIDADE**

**DECRETO ALCALDIA APERTURA DA PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE UNHA VEZ SUPERADA A FASE III DO PLAN PARA A TRANSICIÓN CARA UNHA NOVA NORMALIDADE**

O Decreto de Alcaldía do 13 de marzo de 2020, dada a situación sanitaria na que nos atopábamnos naquel momento e como complemento as medidas acordadas polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia en relación coa crise sanitaria do COVID-19, resolveu a adopción dunha serie de medidas no ámbito do Concello de Monforte de Lemos entre as que se atopaba o peche ó público da Piscina Climatizada Municipal.

A Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do plan para a transición cara unha nova normalidade, no seu artigo 43 regula a apertura de piscinas para uso deportivo que, entre outras cousas, establecía a necesidade de concertar cita previa coa entidade xestora, e limitaba a utilización ó 30 % do aforo, e no caso de que o vaso estivera dividido por rúas de adestramento só dunha única persoa por rúa.

A Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, no punto quinto da disposición adicional segunda modifica o apartado 4 do artigo 43 "Apertura de piscinas para uso deportivo" da Orde SND/414/2020, de 16 de maio, segundo o cal se elimina a limitación de que só poida nadar unha persoa por rúa, mantendo a limitación do 30 % do aforo.

A Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, una vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, no punto 2.8 do Anexo "Medidas de Prevención" se establecen as medidas de hixiene e prevención en piscinas de uso colectivo e no punto 3.24 se regula o uso das piscinas ó aire libre ou cubertas que, entre outras, establece que o aforo será do 75 % da capacidade, tanto no relativo ó acceso como durante a propia práctica deportiva.

A xestión dos servizos que se prestan na Piscina Climatizada Municipal están a cargo da empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L." que ten asinado co Concello de Monforte un contrato de xestión de servizo público (concesión) para a explotación da Piscina Climatizada Municipal, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 11 de marzo de 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"Primeiro.- Facer executiva a intervención do servizo de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUIDOS NA INSTALACIÓN, E**





*DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.*

**Segundo.-** *Nomear como interventor técnico que substitúa plenamente ós elementos directivos da empresa adxudicataria durante o tempo ao que se estenda a intervención ao técnico municipal de deportes, Don Óscar Rodríguez Pérez.*

*O interventor adoptará as decisións necesarias para, en nome da administración, encargarse directamente do funcionamento do servizo e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para tal fin o mesmo persoal e material do concesionario, sen que poida alterar as condicións de prestación. Singularmente, e de modo preferente, realizará as xestións e trámites necesarios para regularizar as percepcións salariais dos traballadores, incluíndo as xestións das operacións de crédito precisas”.*

Con motivo do peche da instalación pola crise sanitaria do COVID-19 e para evitar un prexuízo económico á empresa concesionaria e ó Concello de Monforte, o interventor do contrato solicitou autorización ó Concello de Monforte o día 23 de abril para poder levar a cabo as xestións necesarias para realizar un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) ós traballadores adscritos ó servizo polo tempo que dure o cese da prestación, a excepción do técnico de mantemento que seguiría activo levando a cabo as súas funcións cunha carga horaria equivalente a media xornada.

O Decreto de Alcaldía do día 23 de abril de 2020 dispón:

**“Primeiro.-** *autorizar a realización dun expediente de regulación de emprego temporal ós traballadores adscritos ó servizo polo tempo que dure o cese da prestación coa finalidade de evitar un prexuízo económico tanto á empresa adxudicataria do servizo como ó Concello de Monforte.*

**Segundo.-** *Continuando co criterio do Concello de apoiar aos traballadores e traballadoras afectados/as dispoñer que seus salarios sexan completados, ata o 100 % das cantidades que viñan percibindo antes da aplicación do ERTE, con cargo ás cantidades que foron transferidas polo Concello á Intervención da concesión”.*

O 28 de abril de 2020 se lle ordena á empresa “Alacer Ocio y Deporte S.L.”, a realizar todos os tramites necesarios para a solicitude de realización dun expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) ós traballadores/as adscritos/as ó contrato de servizo público de xestión e explotación da Piscina Municipal Climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis. Trámite que quedou feito dese mesmo día.

O 14 de maio de 2020 recíbese comunicación favorable á solicitude do ERTE con efectos dende o 21 de abril de 2020. Esta situación laboral dos traballadores mantense na actualidade.

#### **ANÁLISE DA APERTURA DA PISCINA CLIMATIZADA DENDE UN PUNTO DE VISTA TÉCNICO:**

Tendo en conta a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, una vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, a apertura de piscinas tanto ó aire libre como cubertas se ten que facer conforme ó punto 3.14 do Anexo “Medidas de Prevención”:

1. As piscinas ó aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do setenta e cinco por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como



#### FIRMAS Y FECHAS





durante a práctica deportiva ou recreativa. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.

2. Na utilización das piscinas procurarase manter as debidas medidas de seguridade e protección, especialmente na distancia de seguridade interpersonal entre os usuarios.
3. Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para procurar a distancia de seguridade interpersonal entre os usuarios non conviventes, mediante sinais no chan ou marcas similares. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro establecido, evitando contacto co resto de usuarios. Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a acumulación de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.
4. Recordaráselles aos usuarios, por medios de cartelería visible ou mensaxes de megafonía, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.
5. Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, o caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación do servizo axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

Do mesmo xeito o punto 2.8 do Anexo “Medidas de Prevención” da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, define as medidas de hixiene e prevención en piscinas de uso colectivo:

1. Sen prexuízo de aplicación das normas técnico – sanitarias vixentes, nas piscinas de uso colectivo deberase levar a cabo a limpeza e desinfección das instalacións, con especial atención aos espazos pechados como vestiarios ou baños, con carácter previo á apertura de cada xornada.
2. Así mesmo, deberanse limpar e desinfectar os diferentes equipamentos e materiais como vasos, liñas de separación, material auxiliar de clases, reixa perimetral, caixa de primeiros auxilios, armarios, así como calquera outro en contacto cos usuarios, que forme parte da instalación.
3. Os biocidas que se deberán utilizar para a desinfección de superficies serán aqueles do tipo de produto 2, referidos no anexo V do Regulamento (UE) nº 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e o uso de biocidas. Así mesmo, poderanse utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia 1:50 recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e que estean debidamente autorizados e rexistrados.
4. O uso e limpeza dos aseos levarase a cabo de conformidade co previsto na letra a) do número 2.1



FIRMAS Y FECHAS







Dado que a instalación deportiva dispón dun ximnasio con máquinas a disposición de uso libre por parte dos usuarios a apertura deste espazo se regula no punto 3.20 “Actividade e instalacións deportivas”:

1. Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.
3. Cada instalación deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións que, de ser o caso, poidan preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa por proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.
4. Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita ós seguintes criterios xerais de uso:
  - a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
  - b) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para tal fin.
  - c) Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
  - d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans con hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
  - e) Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.
  - f) Utilizarase máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia ed seguridade interpersoal.
  - g) Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, o caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación do servizo axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación ao seguinte cronograma de actuacións previas á apertura e a data estimada de apertura da Piscina Municipal:

 <p>DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE</p>	<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000547D10007L5I3W2V3I7 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p><b>FIRMAS Y FECHAS</b></p> <p>JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/06/2020 JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 29/06/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2020 20:14:24</p>	<p>DECRETO: 2020000917 Fecha: 29/06/2020 Hora: 20:14 Persona 76561868C</p>
			



- Mércores 1 de xullo:** Reincorporación dos traballadores ó seus postos de traballo (actualmente están en ERTE) e curso de formación en COVID-19 adaptado a piscinas de uso colectivo.
- Entre o 2 e o 12 de xullo:** posta a punto da instalación e adaptación ás novas esixencias derivadas da crise sanitaria COVID-19. Esta posta a punto substituirá á parada técnica que se fai todos os anos no mes de agosto.
- Luns 13 de xullo:** apertura da instalación no seu horario habitual.

SEGUNDO.-Deseñarse un protocolo específico de uso da instalación adaptado ós novos requirimentos e necesidades derivados da crise sanitaria do COVID-19.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/06/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/06/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2020 20:14:24

